



**CONCELLO DE VIGO**  
PLANEAMENTO E XESTIÓN  
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

**MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 8 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO  
CONCELLO DE VIGO, RELATIVA A CLASIFICACIÓN DA PARCELA Nº 1 U.A. MOLEDO  
E SECTOR S-26-R PESCADEIRA (SÁRDOMA)**

**V1. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL  
AGOSTO 2012**



**EQUIPO TECNICO MUNICIPAL**

ANTONIO ALONSO FERNÁNDEZ

PAULA MARTÍNEZ VIDAL

MARTÍN GIMÉNEZ CALVIÑO

BEGOÑA MOUGÁN ÁLVAREZ

## MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº8 DO PXOM.

### ÍNDICE DE DOCUMENTOS

#### ▪ DOCUMENTO 1

##### MEMORIA INFORMATIVA E XUSTIFICATIVA

---

1. INTRODUCCIÓN
2. ANTECEDENTES DE PLANEAMENTO
3. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL
4. XUSTIFICACIÓN DO INTERESE PÚBLICO
5. ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL
  - 5.1. Delimitación do ámbito territorial
  - 5.2. Información urbanística da situación de partida
  - 5.3. Xustificación da modificación necesarias
  - 5.4. Alternativas avaliadas no proceso planificador
6. CONTIDO MATERIAL DA MODIFICACIÓN
7. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS ARTIGOS 93 E 94 DA LOUG RELATIVOS A MODIFICACIÓNS DE PLANEAMENTO
8. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI 8/1997 DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS E REGULAMENTO D. 35/2000, QUE O DESENVOLVE
9. ESTRATEXIA, ESTUDIO ECONÓMICO E INFORME DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA
10. MARCO NORMATIVO
  - 10.1. Integración da Avaliación Ambiental Estratéxica
  - 10.2. Consideracións derivadas da declaración de innecesariedade de AAE
  - 10.3. Lexislación
  - 10.4. Procedemento e tramitación
11. DOCUMENTACIÓN

▪ **DOCUMENTO 2.**

**CONTIDO DA MODIFICACIÓN**

---

**PLANOS DE INFORMACIÓN.**

I.01. V.1. SITUACIÓN NO TERMO MUNICIPAL. Escala 1/60000

I.02. V.1. SITUACIÓN SOBRE CARTOGRAFÍA E ORTOFOTO. Escala 1/2000

I.03. V.1. REDE ABASTECIMENTO. Escala 1/1000

I.04. V.1. REDE ELECTRICIDADE. Escala 1/1000

I.05. V.1. REDE SANEAMENTO. Escala 1/1000

**PLANOS DE PROPOSTA.**

P.01. V.1. PLANEAMENTO VIXENTE/PROPOSTA SOBRE SERIE 1. Escala 1/5000

P.02. V.1. PLANEAMENTO VIXENTE/PROPOSTA SOBRE SERIE 2. Escala 1/2000

**DOCUMENTOS MODIFICADOS PXOM**

**PLANO SERIE 1. Folla 11 (R).** Clasificación xeral do solo e categorías de solo rústico. Escala 1/5000. Agosto 2012.

**PLANO SERIE 2. Folla 12-N (R).** Ordenación pormenorizada dos solos urbano e de núcleo rural. Elementos Catalogados. Escala 1/2000. Agosto 2012.

**FICHA S-26-R PESCADEIRA.** Agosto 2012.

▪ **DOCUMENTO 3**

**ANEXOS**

---

1. ANEXO 1. Copia da sentenza 000585/2011 do TSXG que obriga á modificar a clasificación urbanística na parcela obxecto deste expediente.
2. ANEXO 2. Documento de Inicio de Avaliación Ambiental Estratéxica.
3. ANEXO 3. Resolución de 12 de xullo de 2012, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia sobre a non necesidade de avaliación ambiental estratéxica.
4. ANEXO 4. Copia dos planos 12-N da serie 2 e 11 da serie 1 do PXOM e da ficha do sector S-26-R Pescadeira, aprobados e dilixenciados Concello de Vigo e Xunta de Galicia.
5. ANEXO 5. Fichas catastrais das parcelas incluídas.



**CONCELLO DE VIGO**  
PLANEAMENTO E XESTIÓN  
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

**DOCUMENTO 1**

**MEMORIA INFORMATIVA E XUSTIFICATIVA.**

## DOCUMENTO 1

### MEMORIA INFORMATIVA E XUSTIFICATIVA

**MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 8 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO, RELATIVA Á CUALIFICACIÓN DE SOLO NA PARCELA Nº 1 DA UNIDADE DE ACTUACIÓN 03 MOLEDO DO ANTERIOR PLAN XERAL .**

#### 1. INTRODUCCIÓN

---

O artigo 92 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUG), en redacción dada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da LOUG, establece que os plans terán vixencia indefinida, sen prexuízo da súa modificación ou revisión.

De acordo co artigo 94.1 da LOUG, son posibles as modificacións de planeamento que se fundamenten en razóns de interese público debidamente xustificadas.

Este documento de MODIFICACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL redáctase de oficio polos servizos técnicos municipais da Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo para dar cumprimento á resolución da Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos de data 10 de abril de 2012, da que tomou coñecemento o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 20 de abril de 2012, no senso de:

*PRIMEIRO: Iniciar a modificación puntual nº 8 do PXOM, en cumprimento da sentenza 00585/2011 do TSXG, relativa á cualificación de solo na parcela nº 1 da unidade de Actuación 03 Moledo do anterior Plan Xeral.*

*SEGUNDO: Encomendar ós servizos técnicos e xurídicos da XMU a redacción da documentación técnica e a tramitación administrativa desta modificación.*

O número de Expediente é o 13717/411.

## 2. ANTECEDENTES DE PLANEAMENTO

---

O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (en diante, PXOM) de Vigo foi aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde da Consellería da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008) e a súa normativa foi integramente publicada no BOP o 06.08.2008 (BOP Pontevedra nº 151 - Suplemento). O 13.07.2009 o Conselleiro da CMATI aprobou definitivamente o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008 sobre aprobación definitiva do PXOM de Vigo (DOG nº 144, do 24.07.2009), publicándose a normativa no BOP Pontevedra nº 175, do 10.09.2009.

A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia comunicou ao Concello de Vigo o pasado 8 de febreiro de 2012 o contido da sentenza do TSXG 00585/2011, de 16 de xuño de 2011, e ditou resolución de data 17 de xaneiro de 2012 pola que se lle deu publicidade á parte dispositiva da mesma. A tal sentenza conclúe fallando:

*"Estimamos parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por Amelia Caride Bugarín contra a Orde de 16.05.2008 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes pola que se deu aprobación definitiva ao Plan xeral de Ordenación Municipal de Vigo, e anulámola por ser contraria a dereito, no que se refire á clasificación da parcela 1 da "Unidade de actuación 03 Moledo" do anterior Plan Xeral, e declaramos que debe ser clasificada como solo urbano consolidado. Desestimamos o recurso no que se refire á parcela 4, e decláramolo inadmisibile no que concirne ás parcelas 2, 7 e 9, todas da dita unidade. Non se fai imposición de custas".*

O 26.03.2012 os servizos técnicos municipais da Oficina de planeamento da Xerencia emitiron informe en relación coa dita sentenza, e sobre as medidas a adoptar, que se resume do seguinte xeito:

*"As parcelas da recorrente á que se refire o fallo desta sentenza foron clasificadas como solo urbanizable, dentro do sector S-26-R Pescadeira, o fallo estima a petición da recorrente, no que se refire á parcela 1 da U.A. 03 Moledo, que delimitaba o PXOU de 1993, planeamento anterior ao PXOM vixente..."*

*"A sentenza obriga á clasificación como solo urbano consolidado da parcela Nº1 da U.A. 03 Moledo, pero como é lóxico non establece a ordenanza de aplicación para a mesma, que deberá ser determinada..."*

E despois de analizar os efectos que a execución da sentenza tería sobre as determinacións do PXOM, e unhas primeiras alternativas de posible cumprimento, a conclusión do informe é que:

*"Analizada a sentenza recaída, e analizadas as condicións dos terreos adxacentes á parcela de dona Amelia Caride Bugarín, débese concluír que a parcela ten que clasificarse como solo urbano*

*consolidado, a ordenanza de aplicación debe ser a das parcelas adxacentes á zona, ordenanza 10 grao 1º. Dado que a parcela non ten contacto directo co solo urbano consolidado procede tamén o cambio de clasificación á parcela adxacente polo leste, ref. catastral: 4435904NG2743N, que ademais ten as mesmas condicións que a parcela obxecto da sentenza e deste informe.*

*Xa, tras analizar os solos inmediatos, parece recomendable tamén o clasificar como solo urbano consolidado con ordenanza 10 1º, a parcela situada ao suroeste da de dona Amelia Caride, ref. catastral: 4435901NG2743N, xa que quedaría como única parcela do sector situada ao leste do camiño Louxada.*

*Para a modificación da clasificación destas parcelas como solo urbano consolidado e determinación da ordenanza de aplicación, así como para o sinalamento das aliñacións e rasantes da estrada de Moledo como do Camiño Louxada, na parte que como consecuencia da modificación de clasificación, sexan fronte das parcelas citadas, é necesario redactar e tramitar unha Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Tamén nesta Modificación Puntual haberá que recoller a incidencia que no sector ten a detracción destas superficies.*

*As razóns de interese público esixidas no artigo 94.1 da LOUG xustificanse no cumprimento da sentenza do TSXG 585/2011 (RC-A P.O. 4608/2008). "*

En consecuencia, redáctase a presente versión V.1 de Agosto de 2012 como documento para a aprobación inicial da Modificación puntual Nº 8 do Plan Xeral do Concello de Vigo. O equipo técnico multidisciplinar estivo formado por Belén González Ramírez (arquitecta) , Antonio Alonso Fernández (arquitecto), Begoña Mougán Álvarez (enxeñeira superior, técnica de medio ambiente), Paula Martínez Vidal (arquitecta) e Martín Giménez Calviño (técnico de administración xeral, xurídico), coa colaboración do resto dos servizos técnicos e xurídicos municipais da Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo. Cúmrese, polo tanto, o disposto no artigo 84.2. da LOUGA sobre a composición e multidisciplinareidade do equipo redactor de planeamento xeral.

### 3. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL

---

Establécense, a grandes liñas, os obxectivos xerais e específicos que se pretenden acadar coa aprobación e desenvolvemento da Modificación Puntual Nº 8 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, sinalados xa no anteproxecto de planeamento.

#### OBXECTIVOS XERAIS

O obxectivo principal da Modificación Puntual figura expresado na resolución de inicio e consiste basicamente en dar cumprimento á sentenza do TSXG 00585/2011.

#### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

No eido xa dos obxectivos específicos:

-A sentenza citada precisa, en concreto, que se debe proceder a clasificar como solo urbano consolidado a parcela 1 da "Unidade de actuación 03 Moledo" do anterior Plan Xeral.

- A LOUG (artigos 11 e 12), e o PXOM de Vigo (artigos 3.2.1 e 3.2.1 da NN.UU.) conteñen os criterios xerais para a clasificación e categorización dun solo como urbano consolidado, que deberán respectarse na xustificación da clasificación e categorización que se propón.

-Outros obxectivos específicos colaterais ao estrito cumprimento da sentenza serán:

- a) a cualificación (aportación dunha ordenación detallada mediante a fixación de aliñacións e rasantes e dotación dunhas determinacións precisas sobre o seu uso e edificación),
- b) a corrección e redelimitación dos ámbitos adxacentes (neste caso relativa á delimitación e características do sector S-26-R Pescadeira ).

### 4. XUSTIFICACIÓN DO INTERESE PÚBLICO

---

Tal e como esixe o artigo 94.1 da LOUG, calquera modificación puntual do planeamento xeral deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas.

O interese público no caso que nos ocupa é incuestionable, xa que se trata da execución dunha sentenza xudicial que obriga ao Concello de Vigo a exercer á súa competencia de planeamento para corrixir a deficiencia observada pola Sala do TSXG en canto á clasificación e categorización de solo desa parcela.

A Modificación Puntual que se pretende limitase a un cambio illado na clasificación e cualificación de solo e a delimitación dun ámbito, pero non supón a adopción de ningún novo criterio ao respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio nin sobre a clasificación de solo.

## 5. ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL

---


### 5.1. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL

A parcela á que fai referencia a sentenza localízase na estrada de Moledo, parroquia de Sárdoma e correspóndese coa parcela catastral 4435902NG2743N, cunha superficie segundo catastro de 3.472 m<sup>2</sup>. Sitúase grafiada na folla 12-N da Cartografía oficial do Concello de Vigo, escala 1/2.000, e na folla 11 da escala 1/5.000.

Ten fronte á estrada de Moledo, e estaba clasificada polo PXOM como Solo Urbanizable delimitado, incluído no sector S-26-R PESCADEIRA. Doutro lado da estrada o solo ten a clasificación de solo urbano consolidado con ordenanza de aplicación 10 Residencial Exterior, grao 2º.


A parcela obxecto da estimación do fallo linda ao leste cunha parcela estreita e longa que á súa vez, linda cun solo urbano consolidado con ordenanza 10 Residencial Exterior, grao 1º, tal e como se pode comprobar na folla 12-N da serie 2 do Plan Xeral.

Fai esquina co vial denominado Camiño Louxada, este camiño descorre no seu primeiro tramo (adxacente á parcela obxecto do fallo estimatorio da sentenza e outra) dentro do solo urbanizable, cara ao sur da fronte, e aliñacións, polo lado leste, á zona de solo urbano consolidado (ord. 10 1º).




O ámbito estrito da Modificación puntual sería a dita parcela, non obstante o ámbito de influencia debe incluír ademais as dúas parcelas colindantes entre ela e o solo urbano consolidado, e entre ela e o camiño de Louxada, así como todo o ámbito do sector S-26-R Pescadeira, cuxa delimitación e ficha de características se verán alteradas pola segregación das parcelas que por sentenza, e por coherencia con ela, teñan que pasar á clasificación de solo urbano consolidado.

Así o ámbito da Modificación abranguerá estritamente a parcela que foi obxecto de sentenza, e como ámbito de influencia todo o sector S-26-R Pescadeira, segundo a seguinte ilustración:



Este sector ten unha superficie de 254.158 m<sup>2</sup>, localízase na zona central do Termo Municipal de Vigo, na parroquia de Sárdoma, barrio de Moledo :



### **SOLO URBANO CONSOLIDADO**

Tal e como recolle o artigo 11 do Capítulo II da *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, o PXOM clasifica como solo urbano os terreos que están integrados na malla urbana existente e que reúnen os seguintes requisitos:

*a) Que contén con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministro de enerxía eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas con características adecuadas para servir á edificación existente e a permitida polo plan.*

...

*b) Que, aínda carecendo dalgúns dos servizos citados no apartado anterior, estean comprendidos en áreas ocupadas pola edificación, polo menos nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para a mesma, segundo a ordenación que o plan xeral estableza.*

...E como indica o artigo 12 do mesmo capítulo da LOUG, o solo urbano consolidado está *integrado polos soares así como polas parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, podan adquirir a condición de soar mediante obras accesorias e de escasa entidade que poden executarse simultaneamente coas de edificación ou construción.*

## **5.2. INFORMACIÓN URBANÍSTICA DA SITUACIÓN DE PARTIDA**

### 5.2.1. ENCADRE PARROQUIAL:

A parroquia de Sárdoma cunha superficie de 2,6 km<sup>2</sup>, ten aproximadamente 1 km<sup>2</sup> dentro do núcleo central da cidade de Vigo (marxe da Avenida de Madrid e, estrada provincial e barrio de Miraflores), e 1,6 km<sup>2</sup> na periferia inmediata de dito núcleo central.

Situada no fondo do val do Fragoso onde predominan as zonas chairas cunha paisaxe de formas suaves en torno aos 75 m. de altitude, vese atravesada lonxitudinalmente pola CN-120 (Avenida de Madrid), e transversalmente polo río Lagares. Nos intersticios entre o río e a estrada localízanse numerosas ocupacións de naves industriais en forma desordenada.

O poboamento da parroquia, agás nas zonas que vai englobando a cidade en forma expansiva (zona de Quirós, Miraflores e Estrada provincial) presenta unha tendencia á dispersión. A poboación parroquial segundo o censo de 2011 é de 2.254 habitantes (1.105 homes e 1.149 mulleres), cunha densidade aproximada de 876 habitantes por km<sup>2</sup>, e unhas 5,95 vivendas por hectárea.

O Barrio de Moledo constitúe a entidade 250300 do nomenclátor do INE, e na data de 2011, figura cun total de 260 habitantes: 123 homes e 137 mulleres. Malia que a parroquia de Sárdoma experimentase un crecemento no decenio 2000-2010 dun 12,4 %, pasando de 2.004 a 2.054 habitantes, o Barrio de Moledo sufriu unha perda de poboación de 75 habitantes menos (de 335 a 260 habitantes), equivalente a un 22,3% de decrecemento.

Malia o anterior , Moledo, xunto con Laxe e Raviso, este último fundamentalmente polos asentamentos de naves almacén e industriais que foron consolidándose nas proximidades do río Lagares, constitúen os barrios máis dinámicos da parroquia, dotados de pequenas prazas e encrucilladas que exercen como focos de actividade onde se localizan certas dotacións, como o centro de saúde, o campo de fútbol, o quiosco, o bar, etc.

#### 5.2.2. SITUACIÓN ACTUAL/ VEXETACIÓN:

O ámbito da presente Modificación o constitúe principalmente a parcela obxecto da sentenza e as dúas colindantes, que constitúen unha "illa" de forma trapezoidal entre a Estrada de Moledo e o Camiño de Louxada, sen ningunha construción no seu interior.



*Imaxe 1: Situación actual do ámbito territorial obxecto de modificación (Vista aérea dende o sur-oeste).*



*Imaxe 2: Vista aérea do ámbito da modificación, dende o sur-leste*

O perímetro está circundado totalmente polos viais pavimentados da Estrada de Moledo, e o Camiño Louxada, mantendo o interior unha topografía anterior case sempre desconectada dos viais, das que se separa mediante noiros, gabias ou muretes.



*Imaxe 3: Vista da estrada de Moledo, onde pode observarse, á esquerda, o linde leste do ámbito obxecto da modificación*



*Imaxe 4 : Vista do linde leste do ámbito obxecto da modificación, dende a estrada de Moledo*

No cruce entre as dúas vías perimetrais sitúase un transformador de Fenosa, que debería desprazarse por razóns de seguridade viaria, ademais de proceder ao soterramento das liñas, ao tratarse dun solo urbano consolidado.



*Imaxen 5: Vista do Camiño Louxada, dende a estrada de Moledo, ao norte do ámbito da modificación*

No interior das parcelas obxecto da sentenza, apréciase un pequeno rodal de carballos -*Quercus robur*- ordenados ao longo do perímetro desta, e en número suficiente (21 exemplares) para formar un pequeno bosque. As condicións ambientais parecen as idóneas para este tipo de unidade paisaxística\* da flora galega: solos profundos, ricos en humus e un ph ácido, fan que convivan con outras especies vexetais características do substrato arbustivo como son, entre outras; *Laurus nóbilis*, *Crataegus monogyna*, *Sorbus aucuparia* e incluso con especies arbóreas coas que interactúa, como *Castanea sativa*, presente nesta parcela con dous exemplares multicaules de interesante aspecto.

Os vexetais que forman un conxunto heteroxéneo en relación ao tamaño e idade, nembargantes cumpren co patrón dendrolóxico da especie: copa ampla, aovada, redondeada e irregular, toro dereito, curto e moi grosso nos exemplares illados, pólas grosas e algo tortuosas.

\* Ver publicación "territorio e paisaxe" da Consellería de Ordenación do Territorio, Xunta de Galicia.



*Aspecto masa forestal*




*Quercus robur*



*Castanea sativa*

### 5.2.3.SERVIZOS URBANÍSTICOS EXISTENTES:

#### REDE DE ABASTECIMENTO EXISTENTE:



Segundo os datos obtidos da empresa subministradora AQUALIA, o ámbito estrito da modificación (parcela nº 1 da Unidade de actuación Moledo do PXOU 93) dispón de abastecemento de auga pola estrada de Moledo en todo o seu fronte, cunha tubaxe de fundición dúctil de 150 mm. de diámetro que se continúa pola dita estrada e bifurca polas de Lameiro e Fragoiño. No camiño de Louxada, ao sur, unicamente existen uns 40 metros de tubaxe de menos de 150 mm, que veñen dende a Rúa Pescadeira e non chegan a conectar coa estrada de Lameiro.

No ámbito estendido do S-26-R Pescadeira, dispónse dunha condución xeral de 150 mm na estrada de Fragoiño polo Norte, que non abastece ao interior do ámbito, agás dúas tubarias menores de 150 mm, nos camiños de Cerdeira e Pescadeira que dan servizo ás pequenas agrupacións de vivendas existentes ao Leste, Sur e no centro do sector, que o PXOM clasificou como solo urbano, ordenanza 10. O ámbito de estudo vese atravesado por unha condución de conexión entre depósitos do Castro e Bembrive. (Ver Plano I-03).

#### REDE DE ELECTRICIDADE EXISTENTE:



A partires dos datos facilitados pola empresa FENOSA igualmente podemos apreciar que a rede de subministro eléctrico en alta e media tensión procedente da próxima subestación de Sárdoma, transcorre pola estrada de Moledo, existindo un transformador xusto no vértice da estrada de Moledo co camiño Lameiro, transformador de Moledo de 400 Kw, no ámbito concreto da Modificación. Non obstante dita liña non continúa polo camiño de Lameiro.

A outra liña de media tensión, situada ao Norte do ámbito estendido da modificación non transcorre pola estrada de Fragoiño, senón que vai pola zona de naves e almacéns situada máis cara ao Norte, xunto ao Lagares, onde se localizan outros catro transformadores. (Ver Plano I-04).

#### REDE DE SANEAMENTO EXISTENTE:



A rede de saneamento, segundo datos de AQUALIA, no ámbito estrito da modificación consiste en dous colectores de terceiro orden, de menos de 500 mm de diámetro, terciarios pola estrada de

Moledo, e no camiño de Louxada. Colectores deste tipo dispóñense tamén na estrada de Fragosiño e nos camiños de Pescadeira e Cerdeira.


Colectores secundarios (de máis de 50 cm. de diámetro) transcorren pola beira do río Eifonso na zona de Peteta (ao Leste do ámbito extenso da modificación) e do Río Barxa, ao Oeste do ámbito estendido. Cara ao Norte, na zona da estrada de Lameiro, sae unha conducción principal, entre a zona de naves almacéns, que se conecta aos tanques de tormenta e ao colector do marxe do Río Lagares. (Ver Plano I-05).

#### PAVIMENTACIÓN:

Todo o perímetro do ámbito obxecto de modificación (Estrada de Moledo e Camiño Louxada) está pavimentado con pavimento asfáltico, que permite o acceso rodado tanto ás parcelas obxecto da sentenza (4435902NG2743N), como ás dúas colindantes (435901NG2743N e 4435904NG2743N). No resto do sector S-26-R PESCADEIRA os viais asfaltados (Estrada de Moledo, camiño da Cerdeira ou camiño da Pescadeira) non dan acceso á totalidade das parcelas, permanecendo moitas delas sen acceso rodado a través de camiños públicos convenientemente pavimentados.

#### 5.2.4. CONSOLIDACIÓN:

Segundo o estudio gráfico efectuado no PXOM sobre consolidación, tanto a parcela obxecto da sentenza como o resto de terreos situados cara ao Oeste, carecen de condicións de consolidación esixidas polo artigo 11.b) da LOUG, é dicir: terreos que, estean comprendidos en áreas ocupadas pola edificación polo menos nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para as mesmas, segundo a ordenación que o plan estableza.




### 5.2.5. INTEGRACIÓN NA MALLA URBANA:

As parcelas de referencia contan coas condicións esixidas polo artigo 11.a) da LOUG, é dicir: contan con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas con características adecuadas para servir á edificación existente e á permitida polo plan.

Consonte o apartado 2 do artigo 11 da dita lei, considéranse incluídos na malla urbana os terreos que dispoñan dunha urbanización básica constituída por unhas vías de acceso e comunicación e unhas redes de servizos das que poidan servirse os terreos e que estes, pola súa situación, non estean desligados do urdido urbanístico xa existente.

Pódese comprobar no seguinte gráfico que os terreos obxecto da modificación puntual están integrados na malla urbana existente.




*Fragmento do gráfico 3.A\_7: A malla verdadeira do PXOM*

ESTRUTURA DA PROPIEDAD/USOS DO SOLO:

As parcelas nas que se modifica a súa clasificación, correspóndese con tres parcelas catastrais con fronte a estrada Moledo e/ou ao camiño Louxada.



*En amarelo o catastro de urbana e en verde o catastro de rústica.*




*Plano catastral*

As parcelas son as seguintes, coas seguintes características de usos:

PARCELA	CATASTRO	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE SOLO	CONSTRUCCIÓN SUPERFICIE CONSTRUÍDA
1	Urbana	4435901NG2743N0001SA	1.539	NON ( SOLO SEN EDIFICAR)
2	Urbana	4435902NG2743N0001ZA	3.472	NON ( SOLO SEN EDIFICAR)
3	Urbana	4435904NG2743N0001HA	613	NON ( SOLO SEN EDIFICAR)

No anexo nº 5 xúntanse as fichas catastrais das parcelas afectadas.


Os viais aos que dan fronte as parcelas obxecto da modificación figuran inventariados nos planos do Inventario municipal de vías:



*Fragmento dos plans do Inventario municipal de vías (follas 18-29 e 18-30)*


#### 5.2.6. ANTECEDENTES DE PLANEAMENTO:

No PXOU de 1.993 as parcelas de referencia estaban clasificadas como solo urbano dentro da unidade de actuación UA 3 Moledo, onde se fixaban as aliñacións para a estrada Moledo e o camiño Louxada, reflectindo para estes viais un largo de 12 m.




*Fragmento dos plans do PXOU 93 (follas 18-29 e 18-30)*

Estando en vigor o PXOU do 93 , iniciouse o Estudio de Detalle da SU UA3 MOLEDO (Expediente 4267/411), ao que se fai referencia na sentenza, sendo aprobado inicialmente o 15/09/97 sen que se chegara a aprobar definitivamente. A Xunta de Compensación da Unidade de Actuación non chegou a constituírse xa que o seu proxecto de Bases e Estatutos foi desestimado pola Xunta de Goberno Local o 2/02/2004 (Expediente 4459/401). Os Planos parcelario e de ordenación daquel Estudio de Detalle, onde se concretan as parcelas as que tamén se refire a sentenza son os seguintes:



Plano parcelario do Estudo de Detalle da UA 3 MOLEDO (ano 1996)



Plano de ordenación do Estudo de Detalle da UA 3 MOLEDO (ano 1996)

### **5.3. XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN NECESARIA**

A errónea clasificación de solo na parcela de referencia que pon de manifesto a sentenza non pode considerarse un simple "erro material", ostensible, manifesto, indiscutible, evidente por sí mesmo, sen necesidade de maiores razoamentos, e susceptible de ser subsanado ou rectificadado en calquera momento, de oficio ou a instancia de parte, segundo o previsto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXAP-PAC).

A modificación da clasificación na dita parcela require dunha reflexión e xustificación sobre os servizos existentes, sobre a consolidación pola urbanización, e a integración na malla urbana (condicións do artigo 11 da LOUG para a consideración de solo urbano dos terreos) tanto da parcela como dos terreos colindantes, sobre a categorización como consolidado ou non consolidado, sobre a necesidade de fixación de aliñacións nos viais existentes, e sobre as modificacións operadas no resto dos terreos incluídos polo PXOM, ao igual que a parcela obxecto da sentenza, no sector S-26-R Pescadeira en canto a condicións de desenvolvemento e aproveitamento do sector, unha vez modificado. Estas xustificacións lévanse a cabo neste documento.

O proceso seguido consistiu na valoración das distintas alternativas previstas en función dos seguintes criterios:

- a) Coherencia da clasificación e categorización de solo (existencia de servizos, consolidación e integración na malla urbana).
- b) Condicións técnicas das aliñacións e rasantes (xeometría, continuidade, seguridade viaria).
- c) Incidencia sobre a viabilidade técnica da actuación prevista no sector S-26-R PESCADEIRA (continuidade do ámbito, capacidade de acollida da edificabilidade prevista).
- d) Incidencia sobre a viabilidade económica do sector S-26-R PESCADEIRA (balance de beneficios e gastos da actuación prevista).

### **5.4. ALTERNATIVAS AVALIADAS NO PROCESO PLANIFICADOR**

Como xa se manifestou no Anteproxecto de Planeamento as alternativas que se consideraron no proceso foron as seguintes:

#### **ALTERNATIVA CERO**

A alternativa cero, que suporía a non realización da Modificación Puntual Nº 8 do PXOM de Vigo, non é viable, dado que o obxecto desta modificación é dar cumprimento á referida sentenza do TSXG.

#### **ALTERNATIVAS AVALIADAS**

Dentro das posibles modificacións posibles estudáronse dúas: excluír a parcela obxecto da sentenza e máis a lindeira polo leste (parcelas 1 e 9 da U.A. MOLEDO); ou excluír, ademais das parcelas referidas na primeira proposta, a bolsa de solo que queda ao leste do Camiño Louxada, entendendo que esta zona ten as mesmas condicións que a parcela sobre a que recaeu a sentenza do TSXG. Nesta

segunda proposta quedaría unha peza completa, delimitada por viais e solo urbano consolidado, que suporía a modificación da clasificación do solo das parcelas 1, 9 e 2 da U.A. MOLEDO do anterior Plan Xeral.

### ***Alternativa un***

Modificar a clasificación do solo de dúas parcelas, 1 e 9 da U.A. MOLEDO do anterior Plan Xeral (a alternativa de soamente modificar a parcela 1 como esixe a sentenza considérase inviable xa que quedaría un ámbito discontinuo de solo urbano consolidado separado por unha "illa" da parcela 9, de 613 m<sup>2</sup>, en solo urbanizable o que resulta totalmente incoherente e inaceptable desde calquera punto de análise):

PARCELA 1. Referencia catastral: 4435902NG2743N. Superficie segundo catastro: 3.472 m<sup>2</sup>.

PARCELA 9. Referencia catastral: 4435904NG2743N. Superficie segundo catastro: 613 m<sup>2</sup>.

Superficie total a detraer do Sector de solo urbanizable S-26-R PESCADEIRA: 4.085,00 m<sup>2</sup>.

Habería que detraer tamén unha parte da Estrada de Moledo e do Camiño Louxada, aproximadamente 417 m<sup>2</sup>.

En total pasaría a SOLO URBANO CONSOLIDADO: 4.502 m<sup>2</sup>.

Supón respecto á totalidade do solo incluído no sector, unha variación dun 1,77 % da superficie.

Os datos do sector S-26-R PESCADEIRA, restándolle esta superficie, serían aproximadamente:


Superficie delimitada: 249.656 m<sup>2</sup>.

Superficie total edificable total: 151.628,75 m<sup>2</sup>c. (ten adscrita unha superficie de 16.381m<sup>2</sup> de solo rústico).

Índice de edificabilidade bruta: 0,650 m<sup>2</sup>c/m<sup>2</sup>s.

Superficie computable para o aproveitamento tipo: 238.867 m<sup>2</sup>

Aproveitamento tipo: 0,634 m<sup>2</sup>c/m<sup>2</sup>s.



***Alternativa un.***

### ***Alternativa dous***

Modificar a clasificación do solo de tres parcelas, 1, 2 e 9 da U.A. MOLEDO do anterior Plan Xeral:

PARCELA 1. Referencia catastral: 4435902NG2743N. Superficie segundo catastro: 3.472 m<sup>2</sup>.

PARCELA 2. Referencia catastral: 4435901NG2743N. Superficie segundo catastro: 1.539 m<sup>2</sup>.

PARCELA 9. Referencia catastral: 4435904NG2743N. Superficie segundo catastro: 613 m<sup>2</sup>.

Superficie total a detraer do Sector de solo urbanizable S-26-R PESCADEIRA

Habería que detraer tamén unha parte da Estrada de Moledo e do Camiño Louxada, aproximadamente 745 m<sup>2</sup>.

A superficie excluída por medición resulta 6.439 m<sup>2</sup>.

Supón, aproximadamente, respecto á totalidade do solo clasificado urbanizable incluído no sector, unha variación dun 2,53 % da superficie.

Os datos do sector S-26-R PESCADEIRA, restándolle esta superficie, serían:


Superficie delimitada: 247.719 m<sup>2</sup>.

Superficie computable para o aproveitamento tipo: 236.990 m<sup>2</sup> (ten adscrita unha superficie de 16.381 m<sup>2</sup> de solo rústico).

Superficie total edificable total: 150.370 m<sup>2</sup>c.

Índice edificabilidade bruta: 0,650 m<sup>2</sup>c/m<sup>2</sup>s.

Aproveitamento tipo: 0,634 m<sup>2</sup>c/m<sup>2</sup>s.



***Alternativa dous.***

### **AVALIACIÓN DAS ALTERNATIVAS:**

Nesta fase de elaboración do documento procedeuse á avaliación das alternativas iniciais segundo os criterios citados no punto 5.3 anterior.

As alternativas avaliáronse, outorgando unha valoración + - ou = en función da maior, menor, ou igual valoración comparativa segundo cada un dos criterios establecidos:

<b>ALTERNATIVA</b>	<b>a) Coherencia da clasificación de solo (1)</b>	<b>b) Condicións técnicas das aliñacións e rasantes (2)</b>	<b>c) Incidencia sobre a viabilidade técnica do S-26-R PESCADEIRA (3)</b>	<b>d) Incidencia sobre a viabilidade económica do S-26-R PESCADEIRA (4)</b>	<b>TOTAL AVALIACIÓN ALTERNATIVA</b>
ALTERNATIVA 1 MODIFICACIÓN PARCELAS 1 E 9	+	-	-	=	-
ALTERNATIVA 2 MODIFICACIÓN PARCELAS 1, 9 E 2	-	+	+	=	+

(1): Valórase máis a alternativa 1 porque mentres as parcelas 1 e 9 cumpren integramente os requisitos de urbanización e integración na malla urbana, a parcela 2 carece dalgún servizo urbanístico.

(2) Valórase máis a alternativa 2 porque a definición de aliñacións nesta alternativa sería completa abrangendo a totalidade dos viais da estrada de Moledo e o camiño Louxada, sen discontinuidades. A alternativa 1 deixaría discontinuidade.

(3) Valórase máis a alternativa 2 porque a delimitación do sector de Pescadeira é máis coherente nesta alternativa, do contrario quedaría parte do sector situado doutro lado do Camiño Louxada, e parte deste vial sería executado no desenvolvemento do sector quedando interrompido mentres non se desenvolvera.

(4) Valoráronse por igual ambas alternativas: Enténdese que o balance económico (beneficios menos cargas) non se ve alterado en ámbolos dous casos. Mantendo o mesmo aproveitamento tipo os menores beneficios derivados da exclusión de superficies vese compensado polas menores cargas de urbanización.

A conclusión sería que é preferible a alternativa 2 que a 1, dado que o desprazamento do vial cara á esquerda diminúe o custo económico e a afección sobre as construcións existentes e mellora as condicións xeométricas do trazado e as condicións de seguridade e circulación. A cuestión da existencia ou non do fondo de saco non sería decisivo para a valoración das alternativas.

## 6. CONTIDO MATERIAL DA MODIFICACIÓN

---

A modificación unicamente opera materialmente sobre o plano 12-N da serie 2 e o plano 11 da serie 1 do PXOM de Vigo, onde se debuxan as delimitacións da alternativa xustificadamente elixida; e tamén sobre a ficha urbanística do sector S-26-R Pescadeira.

Para levar a cabo os obxectivos formulados na Modificación, segundo a alternativa elixida, cómpre efectuar as seguintes modificacións no documento do PXOM aprobado definitivamente:

a) **MODIFICACIÓN DA CLASIFICACIÓN DE SOLO DA PARCELA OBXECTO DA SENTENZA E DAQUELAS COLINDANTES QUE SE ESTIMAN NA MESMA SITUACIÓN QUE AQUELA:** O cambio de clasificación (derivado da execución da sentenza e da realidade "fáctica" dos terreos, consistirá no paso de SOLO URBANIZABLE DELIMITADO (incluído no sector S-26-R PESCADEIRA) á clase de SOLO URBANO unha superficie total de 6.438 m<sup>2</sup>, que comprende as parcelas catastrais 4435901NG2743N0001SA, 4435902NG2743N0001ZA, 4435904NG2743N0001HA, o camiño de Louxada (de 477 m<sup>2</sup>) e un tramo de 268 m<sup>2</sup> da Estrada de Moledo. Esta modificación queda reflectida nos planos reformados 11(R), da serie 1 (escala 1/5.000), de clasificación de solo, e 12-N(R) da serie 2 (escala 1 /2.000) que figuran no Anexo 4.

b) **CATEGORIZACIÓN DO SOLO:** A Modificación de clasificación de solo implicará a necesidade que na Modificación do PXOM se aporte a categoría de solo urbano, que, neste caso, por mandato da sentenza debe ser o de SOLO URBANO CONSOLIDADO, aínda que o planeamento, en función de se se pretendese establecer unha ordenación substancialmente diferente do existente o levar a cabo unha operación de renovación urbana ou de reforma interior tería a capacidade de categorizar o solo como SOLO URBANO NON CONSOLIDADO, segundo disposto no artigo 12.b) da LOUG. Polo tanto, a categorización de solo proposto é a de SOLO URBANO CONSOLIDADO. Esta modificación queda reflectida nos planos reformados 11(R), da serie 1 (escala 1/5.000), de clasificación de solo, e 12-N(R) da serie 2 ( escala 1 /2.000 ) que figuran no Anexo 4.

c) **CUALIFICACIÓN DE SOLO:** De acordo co artigo 54.b) da LOUG a Modificación do PXOM debe incluír a "cualificación" do solo urbano consolidado, entendendo como tal a asignación detallada de usos pomenorizados, tipoloxías edificatorias e condicións de edificación, o que no caso do PXOM de Vigo realizase a través da asignación dunha Ordenanza edificatoria, que no caso das parcelas colindantes ás obxecto de modificación correspóndense coa ordenanza 10- 1ª, correspondente a EDIFICACIÓN RESIDENCIAL EXTERIOR, no grao 1º, que refírese á edificación de zonas exteriores da zona Central, en antigos núcleos de diversas parroquias, cuxo proceso de crecemento e consolidación pode non ter sido consecuencia expresa de procesos planificados.

A súa tipoloxía corresponde a edificación illada ou pareada, admitíndose a tipoloxía acaroada ou agrupada en fleira, nas condicións que para o efecto se regulan.

O seu uso Característico é Residencial, Clase Vivenda na súa Categoría 1º de vivenda unifamiliar.

Por outra banda a LOUG, no seu artigo 46 (de límites de sostibilidade), establece como obxectivo para o planeamento en solo urbano consolidado a conservación das formas tradicionais de ocupación do

solo e a coherencia coa tipoloxía arquitectónica característica do contorno, en particular en canto a altura, volume e fondos edificables.

Un estudo tipolóxico do contorno da área obxecto de modificación amósanos como todas as parcelas contiguas en toda a bolsa de solo situada entre a estrada de Moledo, a Rúa Louxada, e as Rúas Pescadeira, e estrada de Marco ata a praza de Moledo, están cualificadas coa Ordenanza 10, grao 1º. Por esta razón cualifícase a área modificada coa ORDENANZA 10, grao 1º.

Esta modificación apréciase na folla 12-N(R) da serie 2 (escala 1/2.000) de Ordenación Pormenorizada, no anexo documental.

d) **SINALAMENTO DE ALIÑACIÓNS E RASANTES:** O artigo 54.f da LOUG esixe que o PXOM, no solo urbano consolidado determine con precisión o trazado e características da rede viaria pública, con sinalamento de aliñacións e rasantes.

Neste caso o PXOM xa define unhas aliñacións para os dous viarios incluídos na Modificación Puntual (Estrada de Moledo e camiño de Louxada), anchura de 12 metros na Estrada de Moledo e de 10,50 metros no camiño de Louxada. Non obstante as aliñacións que figuran no PXOM na parte incluída no sector S-26-R figuran a trazos descontinuos, como definición aproximada, susceptible de axuste no planeamento de desenvolvemento (art. 7.1.4. das NN.UU.). Co cambio de clasificación a solo urbano consolidado esta aliñación provisional convertírase en definitiva, pasando a un trazado en liña continua.

Esta modificación apréciase na folla 12-N(R) da serie 2 (escala 1/2.000) de Ordenación Pormenorizada, no Anexo Documental.

e) **MODIFICACIÓN DA FICHA DO SECTOR S-26-R PESCADEIRA:** A modificación da clasificación de solo das parcelas obxecto da sentenza, e as súas colindantes, reduce a dimensión e altera os límites do sector S-26-R PESCADEIRA, que se verá reducida na mesma medida de superficie que pase de solo urbanizable a urbano. Esta redución de superficie deberá ser analizada en canto á viabilidade técnica e económica da actuación prevista polo PXOM neste sector.

Neste apartado debe terse en conta que o artigo 62.2 da LOUG permitiría un reaxuste na delimitación dos sectores, a través do planeamento de desenvolvemento, sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 5% do ámbito delimitado no Plan Xeral, e sen afectar á clasificación de solo.

Neste caso a modificación afecta á clasificación de solo, e por iso artéllase a través dunha modificación puntual do Planeamento Xeral, pero o certo é que a superficie que se pretende modificar é inferior ao 5% da superficie do sector. O sector de Pescadeira ten unha superficie segundo ficha do PXOM de 254.158 m<sup>2</sup> brutos, que xunto con 16.381 m<sup>2</sup> de solo rústico de protección que ten incluído no sector resulta un total neto do sector delimitado de 237.777 m<sup>2</sup>. O 5% de dita superficie resultan 11.888,85 m<sup>2</sup>, e a superficie susceptible de modificación de clasificación neste documento é de 6.577 m<sup>2</sup>, cifra sensiblemente inferior, que supón en torno ao 2,76%. Polo tanto unha modificación superficial cuantitativamente desta indole podería tecnicamente ser formulada, segundo a LOUG, no propio Plan Parcial de desenvolvemento deste sector, unha vez que se reclasificara como urbano a parte de solo incluída nesta modificación.

Non obstante o prudente é efectuar unha comprobación dos datos numéricos da ficha e dos cadros do PXOM, e o seu axuste á nova realidade resultante da exclusión dos terreos que pasan a solo urbano consolidado.

Nese senso indicar que efectuadas medicións sobre a cartografía oficial do Concello púidose comprobar que os datos de medicións tanto do ámbito como dos sistemas xerais e locais existentes son aceptablemente correctos. As medicións de superficies propostas de sistemas xerais e locais tamén son sensiblemente correctas en xeral. Non obstante os referentes en concreto ao apartado viario estruturante, deben corrixirse: O único viario estruturante que se aprecia no sector é o correspondente ao tramo da Estrada de Moledo entre o camiño de Louxada e o final do ámbito da modificación, como se aprecia na ilustración seguinte:



*Plano do PXOM de sistema xeral viario: En magenta os SX de primeira categoría e en laranxa (Estrada de Moledo), o sistema xeral viario de segunda categoría (estructurante)*

Tendo en conta que a delimitación do sector chegaba ao eixo da estrada de Moledo, a superficie de dita estrada existente nese tramo era de 268 m<sup>2</sup> e non de 608 m<sup>2</sup> como figuraba na ficha. Tampouco a proposta de ampliación, que era de 437 m<sup>2</sup> e non 375 m<sup>2</sup> como figuraba na ficha. De tódolos xeitos, como ese tramo de viario estruturante se extrae do sector coa Modificación procede a supresión da ficha os 477 m<sup>2</sup> do camiño de Louxada e os 268 m<sup>2</sup> da Estrada de Moledo, sen que figure ningunha cifra no apartado de viario estruturante.

